

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 27/08/2020**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Non asistentes:

-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/08/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da Sesión anterior de data 30 de xullo de 2020.

2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xullo de 2020.

3. Aprobación, se procede, do Expediente de Cambio de Finalidade Financiación afectada nº01/CF/2020 e modificación de crédito por crédito extraordinario nº03/CE/2020.

4.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polos Grupos Políticos Municipais de Vilagarcía en Común, Marea da Vila, Partido Popular e Ciudadanos, para favorecer a participación da Plataforma Veciñal do Piñeiriño no deseño do Proxecto do Barrio do Piñeiriño.

6.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila, relativa a unhas aulas seguras e un inicio de curso libre de COVID-19.

7.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021.

8.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSDGPSOE, relativa ao protocolo da COVID-19 para a volta ás aulas 2020.

9.- Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

10.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

11.- Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

12.- Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Vecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE XULLO DE 2020.:

Retírase o asunto da Orde do Día da presente sesión plenaria. A devandita acta traerase a aprobación na sesión plenaria que se celebre no mes de setembro.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XULLO DE 2020: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía no mes de xullo de 2020:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

N °DESCRIBIÓN

- 1 Solicitude licenza de legalización
- 5 Solicitudes de licenza para acometida rede de auga e/ou saneamento
- 2 Solicitudes de prórroga de licenza de obras
- 19 Comunicación previa obras
- 1 Declaración de ineficacia de comunicación previa
- 6 Solicitudes de licenza de obra maior
- 10 Deber de conservación
- 5 Reposición Legalidade Urbanística
- 1 Corrección erro acordo da Xerencia
- 2 Solicitude de ampliación de terraza hostelería
- 1 Solicitude de Instalación de terraza hostelería
- 1 Aprobación estatutos entidade urbanística
- 1 Beneficios fiscais
- 3 Expte. De modificación de crédito por Xeración
- 4 Expte. De modificación de crédito por Transferencia
- 1 Anulación de liquidación de auga de Espina y Delfín
- 3 Domingos e festivos diversos servizos (policía Local, Cemiterios)
- 1 Nocturnidade Policía Local
- 1 Corrección erro apelido expediente recursos humanos
- 1 Desconto haberes alumnos forme 2019
- 8 Substitución posto de categoría superior
- 5 Nomeamento postos brigada extinción de incendios
- 1 Delegación funcións Alcaldía
- 2 Pagamento Plan de Pensións xuño e xullo 2020.
- 5 Pago préstamos xuño-xullo 2020
- 18 Pagos expedientes Tesourería
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
- 3 Aprobación de pregos de licitación
- 2 Aprobación de padróns
- 2 Aprobación cargos de emerxencias
- 1 Aprobación de liquidacións
- 4 Baixas impostos municipais
- 3 Solicitudes execución de impostos
- 1 Baixas valores IBI
- 3 Bonificación taxas conservatorio
- 1 Cambio titularidade Impostos Municipais
- 7 Compensacións de oficio
- 1 Devolución taxa conservatorio
- 2 Rectificación erro expediente Intervención
- 1 Anulación recibos/liquidacións
- 3 Prórroga presentación declaración de Plusvalía
- 1 Recoñecemento de obriga de factura
- 4 Resolucións liquidacións IAE
- 1 Resolución desgüace
- 1 Reclamación Licenza urbanística e ICIO
- 1 Reclamación IBI
- 2 Reclamación taxa sumidoiro

2 Recursos tasas e prezos públicos
 1 Remesas baixas Escola de Música
 4 Aprobación cargos Tesourería
 2 Adxudicación de Contratos
 6 Compensación de deudas
 1 Avocación de competencias
 3 Solicitudes placa de vado permanente
 1 Taxa publicación anuncio DOGA
 1 Taxa ocupación vía pública
 1 Licenza animais perigosos
 TOTAL: 174
 O Concello Pleno queda sabedor

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarca.videoacta.es?pleno=20200827&punto=2>
 Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarca.gal

3- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE FINALIDADE FINANCIACIÓN AFECTADA Nº01/CF/2020 E MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº03/CE/2020. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de agosto de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria Proposta da Alcaldía do seguinte teor:
 MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMOS 2016, 2018 E 2019.
 Mediante Providencia da Alcaldía de data 19 de agosto de 2020 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente Nº 01/CF/2020 de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de operacións de préstamos a longo prazo concertadas e ingresada nos exercicios 2016, 2018 e 2019 afectas aos seguintes proxectos de gasto engadidos nos respectivos Anexos de investimentos por un importe global de 101.098,26 €:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	Proyecto	DESCRIPCION	SALDO DISPONIBLE	FINANCIAMENTO O QUE SE LLE CAMBIA A FINALIDADE	CONCEPTO INGRESOS
164-62700	2016 2 OBRA 13	APLICACIÓN NUMERACION NICHOS	4.000,00	4.000,00	87010
171-63200	2016 2 OBRA 20	ACOND. PARQUES INFANTÍS	2.106,77	2.106,77	87010
164-63900	2016 2 OBRA 24	OBRAS CEMENTERIOS MUNIC	171,75	171,75	87010
132-62300	2018 2 OBRA 2	SUBM SEMAFOROS E SINALES	9.650,39	9.650,39	87010
336-63200	2018 2 OBRA 26	OBRAS EDIFICIO SOCIO-COMU RAMAL	729,30	729,30	87010
171-63200	2018 2	ACOND. PARQUES	3.760,64	3.760,64	87010

	OBRA 27	MUNICIPALES			
323-62300	2018 2 OBRA 34	MELLORA ESCOLA INFANTIL -PAI-2018	323,75	323,75	87010
165-633	2018 2 OBRA 6	EFICIENCIA ENERXETICA	8.796,05	8.796,05	87010
334-63200	2018 2 OBRA 8	ACOND. CASAS CULTURA	5.337,80	5.337,80	87010
9201-64100	2019 2 PREST 11	SOFTWARE	49,50	49,50	87010
132-62300	2019 2 PREST 3	ADQUS. GUINDASTRE POLICIA	80.000,00	66.028,71	87010
9201-62300	2019 2 PREST 9	WIFI TERMINAIS MUNICIPAIS	143,60	143,60	87010
		TOTAL	115.069,55	101.098,26	

- Expediente N°03/CE/2020 de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de 101.098,26 €.

Todos eles co fin de dar cobertura os seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
454-619	2020-2- AGADE-1	MELLORA DO CAMIÑO NA RÚA XIABRE EN TRABANCA-SARDIÑEIRA	39.865,00	39.865,00	39.865,00
9201-623	2020-2- PREST-22	SUMINISTRO E INSTALACIÓN SISTEMA DE CITA PREVIA	38.551,04	38.551,04	38.551,04
135-63300	2020-2- PREST-23	SUMINISTRO EMBARCACIÓN PARA EMERXENCIAS	13.182,12	13.182,12	13.182,12
135-641	2020-2- PREST-24	APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN PARA EMERXENCIAS	9.500,10	9.500,10	9.500,10
TOTAIS			101.098,26	101.098,26	101.098,26

O que se pretende con este expediente é dotar os créditos necesarios para á aportación municipal para a obra “Mellora do camiño da Rúa Xiabre en trabanca Sardiñeira” financiada en parte con fondos do AGADER-Xunta; a compra e instalación dun sistema de cita previa para axilizar a atención ao público en relación cos novos protocolos do Covid-19; e realizar uns suministros para o Departamento de Emerxencias.

Polo tanto, trátase de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria con carácter urxente, e para o que no orzamento prorrogado non existe crédito suficiente e axeitado, non sendo admisible esperar nin á aprobación definitiva do orzamento nin o próximo exercicio para a súa execución.

Tendo en conta o sobranse existente nos proxectos de gasto arriba indicados por un importe global de 101.098,26 €, e que constitúe un recurso que pode financiar os aumentos que se propoñen por un importe de 101.098,26 € ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente que existen exceso

de financiamento nos proxectos indicados, esta Alcaldía, co obxecto de atender ao gasto anteriormente descrito propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 01/CF/2020 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 101.098,26 €, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía e na primeira parte desta proposta, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 03/CE/2020 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 101.098,26 € para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
454-619	2020-2-AGADE-1	2020	MELLORA DO CAMIÑO NA RÚA XIABRE EN TRABANCA-SARDIÑEIRA	39.865,00	2019-2-PREST-3	BANCO SABADELL	39.865,00	87010
9201-623	2020-2-PREST-22	2020	SUMINISTRO E INSTALACIÓN SISTEMA DE CITA PREVIA	38.551,04	2019-2-PREST-3	BANCO SABADELL	6.447,50	87010
					2016-2-OBRA-13	BANCO SABADELL	4.000,00	87010
					2016-2-OBRA-20	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	2.106,77	87010
					2016-2-OBRA-24	BANCO BILBAO VIZCAYA	171,75	87010
					2018-2-OBRA-2	BANCO SABADELL	9.650,39	87010
					2018-2-OBRA-26	BANCO SABADELL	729,30	87010
					2018-2-OBRA-27	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	3.760,64	87010
					2018-2-OBRA-34	BANCO SABADELL	323,75	87010
					2018-2-OBRA-6	BANCO SABADELL	8.796,05	87010
					2018-2-OBRA-8	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	2.564,89	87010
135-63300	2020-2-PREST-23	2020	SUMINISTRO EMBARCACIÓN PARA EMERXENCIAS	13.182,12	2018-2-OBRA-8	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	2.772,91	87010
					2019-2-PREST-11	BANCO SABADELL	49,50	87010
					2019-2-PREST-9	BANCO SABADELL	143,60	87010
					2019-2-PREST-3	BANCO SABADELL	10.216,11	87010
135-641	2020-2-PREST-24	2020	APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN PARA EMERXENCIAS	9.500,10	2019-PREST-3	BANCO SABADELL	9.500,10	87010
		TOTAIS		101.098,26			101.098,26	

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do

seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas e ingresada nos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019 para o financiamento dos proxectos engadidos no respectivos Anexos de investimentos, por importe global de 101.098,26 €.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestamento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porque se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2020, ben porque existe dotación noutros proxectos de gasto para actuacións da mesma natureza, como é o caso do crédito para obras de acondicionamento das Casas de cultura Municipais.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- Expediente N°01/CF/2020 de modificación de finalidade dos préstamos afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- Expediente N°03/CE/2020 de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, sobre todo o que se refire a aportación municipal para a obra cofinanciada pola Xunta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2020 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de Cambio de finalidade financiación afectada n°01/CF/2020 e modificación de crédito por crédito extraordinario n°03/CE/2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), e Marea da Vila (1) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº 01/CF/2020 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 101.098,26 €, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía e na primeira parte desta proposta, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no informe de Intervención do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 03/CE/2020 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 101.098,26 € para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXE.	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
454-619	2020-2-AGADE-1	2020	MELLORA DO CAMIÑO NA RÚA XIABRE EN TRABANCA-SARDIÑEIRA	39.865,00	2019-2-PREST-3	BANCO SABADELL	39.865,00	87010
9201-623	2020-2-PREST-22	2020	SUMINISTRO E INSTALACIÓN SISTEMA DE CITA PREVIA	38.551,04	2019-2-PREST-3	BANCO SABADELL	6.447,50	87010
					2016-2-OBRA-13	BANCO SABADELL	4.000,00	87010
					2016-2-OBRA-20	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	2.106,77	87010
					2016-2-OBRA-24	BANCO BILBAO VIZCAYA	171,75	87010
					2018-2-OBRA-2	BANCO SABADELL	9.650,39	87010
					2018-2-OBRA-26	BANCO SABADELL	729,30	87010
					2018-2-OBRA-27	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	3.760,64	87010
					2018-2-OBRA-34	BANCO SABADELL	323,75	87010
					2018-2-OBRA-6	BANCO SABADELL	8.796,05	87010
					2018-2-OBRA-8	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	2.564,89	87010
135-63300	2020-2-PREST-23	2020	SUMINISTRO EMBARCACIÓN PARA EMERXENCIAS	13.182,12	2018-2-OBRA-8	DIVERSOS PRÉSTAMOS XA INGRESADOS	2.772,91	87010
					2019-2-PREST-11	BANCO SABADELL	49,50	87010
					2019-2-PREST-9	BANCO SABADELL	143,60	87010
					2019-2-PREST-3	BANCO SABADELL	10.216,11	87010
135-641	2020-2-PREST-24	2020	APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN PARA EMERXENCIAS	9.500,10	2019-PREST-3	BANCO SABADELL	9.500,10	87010
		TOTAIS		101.098,26			101.098,26	

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente das operacións de préstamo concertadas e ingresada nos exercicios 2016, 2017, 2018 e 2019 para o financiamento dos proxectos engadidos no respectivos Anexos de

investimentos, por importe global de 101.098,26 €.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, implicando a presente modificación o desestimento expreso para o proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas, ben porqué se trata de sobrantes que non presentarán execución no exercicio 2020, ben porqué existe dotación noutros proxectos de gasto para actuacións da mesma natureza, como é o caso do crédito para obras de acondicionamento das Casas de cultura Municipais.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indican:

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes mediante publicación no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas:

- Expediente N°01/CF/2020 de modificación de finalidade dos préstamos afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos.
- Expediente N°03/CE/2020 de créditos extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente.

Dada a urxencia que reviste a actuación que pretenden acometer coa modificación orzamentaria proposta, sobre todo o que se refire a aportación municipal para a obra cofinanciada pola Xunta, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2020 de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dona Covadonga López Prego, D. David Suarez Graña e D. Alfonso Cores Camares, en representación da Plataforma As Pistas, en relación coa moción presentada polos grupos políticos Municipais de Vilagarcía en común, Marea da Vila, PP e Ciudadanos que figura no punto 5 da Orde do Día.

A citada moción foi retirada da Orde do Día da Sesión da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de agosto de 2020, polo que xa non se procede ao seu debate no presente Pleno.

- Solicitud de Dona María Elvira Franco Vázquez en relación coa moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila que figura no punto 6 da orde do día.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA EN COMÚN, MAREA DA VILA, PP E CIUDADANOS PARA FAVORECER A PARTICIPACIÓN DA PLATAFORMA VECIÑAL DO PIÑEIRIÑO NO DESEÑO DO PROXECTO DO BARRIO DO PIÑEIRIÑO.

Retirada a devandita moción da Orde do Día da Comisión Informativa e do presente Pleno ordinario.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, RELATIVA A UNHAS AULAS SEGURAS E UN INICIO DE CURSO LIBRE DE COVID-19. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de agosto de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de agosto de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data 18 de agosto de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de agosto, a seguinte moción:

Moción por unhas aulas seguras e un inicio de curso libre de COVID19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A emerxencia sanitaria a raíz da pandemia por COVID 19 provocou situacións excepcionais que afectan a diferentes eidos, entre eles o referente ao curso escolar nos distintos niveis de estudo. A imposibilidade de impartir as clases presencialmente, supuxo que as distintas comunidades autónomas, como administracións competentes en materia de ensino, tiveran que adaptar o terceiro trimestre e a finalización do curso académico ás circunstancias da crise sanitaria e segundo as directrices que se ían consensuando co Ministerio de Educación ou de Universidades. Sen embargo, esta adaptación ao ensino a distancia non foi doada, e moitas das responsabilidades se trasladaron ao profesorado, o que supuxo un éxito desigual desta modalidade de ensino que dependeu, en moitos casos, da vontade do centro e da comunidade educativa correspondente. Esta circunstancia puxo tamén en evidencia como as desigualdades

afectan ao ensino, posto que a súa realización a distancia supón custes que moitas familias non poden asumir, en base ás condicións económicas, de número de persoas que forman a unidade familiar, ou a fenda dixital existente entre o rural e as cidades e que é especialmente grave en Galicia. Ademais, o ensino a distancia requiriu dun seguimento e esforzo adicional por parte das familias, que, en moitos dos casos, tiveron que conxugalo co propio teletraballo por parte dos pais e nais.

A excepcionalidade da crise da COVID 19 e o confinamento afectaron de maneira sensible aos nenos e nenas, e aínda descoñecemos as consecuencias emocionais a medio prazo nas que puido derivar esta situación. Outras cuestións como poden ser a falta de socialización durante este período ou a incidencia desta circunstancia no alumnado con necesidades de reforzo e atención especiais, parecen indicar que o ensino a distancia pon ao alumnado en desvantaxe respecto ao ensino presencial e, se ben, pode supoñer un complemento ao mesmo, claramente non pode substituír ao ensino impartido nos centros escolares ou de secundaria.

Nese senso, a “Orden EFP/561/2020, de 20 de junio, por la que se publican Acuerdos de la Conferencia Sectorial de Educación, para el inicio y el desarrollo del curso 2020- 2021”, da que forman parte o Ministerio de Educación e os conselleiros/as con competencias en materia de ensino non universitario dos gobernos das comunidades autónomas, decidiu no punto do acordo número 2 que:

“La actividad lectiva presencial se adoptará como principio general durante el curso 2020-2021.

La experiencia de este curso ha confirmado la importancia de la presencialidad para el desarrollo habitual de las tareas educativas y formativas, por lo que las Administraciones educativas realizarán todos los esfuerzos necesarios para asegurar la modalidad presencial en todas las enseñanzas, niveles y etapas educativas.”

En Galicia, a Xunta de Galicia como institución con competencias plenas en materia de tal e como se recolle no artigo 31 do estatuto de autonomía, publicou un “ PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA O INICIO DO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA” do que se indica que é unha resolución conxunta das consellerías de Educación, universidade e formación profesional e de Sanidade. Este protocolo para o que en ningún momento se contou coa opinión da comunidade educativa, foi acollido con preocupación por sindicatos, directivas e profesorado dos centros e as ANPAS. Entre as innumerables críticas que espertou por distintos puntos do seu contido, destaca a falta de mobilización de recursos nunha situación de absoluta excepcionalidade-respecto a inicio de cursos anteriores, e as dúbidas de como preservar a seguridade do alumnado, profesorado e familias ante medidas de seguridade e distanciamento que non concordan cos criterios establecidos pola OMS.

Outras cuestións que preocupan é que se traslade a responsabilidade de establecer criterios e tomar decisións respecto a situacións derivadas dunha crise sanitaria á comunidade educativa, a pesar da súa lóxica falta de coñecementos en materia de sanidade. Mesmo moitas das decisións se deixan ao criterio das familias e parte das medidas de distanciamento e hixiene dependen do autocumprimento por parte de nenos e nenas, en moitos dos casos de moi curta idade, polo tanto dificilmente asumibles.

Chama moito a atención que neste protocolo os criterios de distanciamento non se marquen segundo ao metro e medio de distancia recomendada dende o comezo da crise sanitaria, senón que se reduce a un metro, evitando así baixar a ratio nas aulas respecto a cursos anteriores. Esta medida é unha das que máis incerteza causa na comunidade educativa, posto que as circunstancias dun aula non parecen as máis axeitadas para establecer criterios máis laxos que respecto a outros ámbitos, e o comportamento dos nenos e nenas, con características e condutas diversas, non se poden tratar de maneira homoxénea. A creación de grupos “de convivencia estable” non parece factible en moitas circunstancias, pero, ademais, a maioría das medidas que se establecen no protocolo parecen inviables sen unha aposta clara polo reforzo do profesorado. Ata o momento a Xunta limitouse a adiantar a incorporación do profesorado da incorporación dende o primeiro trimestre do profesorado de apoio do programa ARCO. Algo necesario, pero que non responde ás necesidades reais de reforzo derivadas da COVID19.

No documento de acordos da Conferencia sectorial citado anteriormente o seu punto 11 establece que:

“Las Administraciones educativas adoptarán las medidas necesarias para que los centros puedan

ofrecer sus servicios complementarios habituales, especialmente de transporte y comedor escolar, en condiciones de seguridad.

Aunque las circunstancias obliguen a realizar adaptaciones importantes en la prestación de esos servicios, deberá preverse su continuidad, que resulta especialmente importante para el alumnado más vulnerable.”

Sen embargo, o protocolo deixa moitas dúbidas respecto á continuidade e condicións destes servizos. Mesmo a Federación de ANPAS da provincia de Pontevedra xa enviou un comunicado para informar de que os servizos de comedor e o Plan Madruga dependente das ANPAS non se ían seguir prestando durante este curso. E, probablemente, o mesmo aconteza coas actividades extraescolares, posto que a Xunta traslada ás ANPAS a responsabilidade da seguridade durante a realización das mesmas.

Asemade, o Consello de Ministros aprobou o pasado 16 de xuño un fondo COVID destinado ás comunidades autónomas dos que uns 2000 millóns de € corresponden a educación, cun reparto do 80% que irá destinado a primaria e secundaria e un 20% ao ensino universitario. Dese 80% destinado a primaria e secundaria, a parte correspondente a cada comunidade Autónoma determinarase en setembro en función á poboación de 0 a 16 anos segundo figure no padrón do ano 2019. A pesar desta próxima dotación, o protocolo da Xunta carece de orzamento e acusa de falta de concreción respecto a un posible reforzo do profesorado ou do persoal de limpeza (cuxo incremento parece imprescindible tendo en conta as medidas de hixiene a establecer).

Tamén ditamina que é o propio centro o que ten que suplir as necesidades de materiais respecto ás medidas de hixiene.

Nesta situación, e se o curso se inicia con este protocolo, todo parece indicar que o ensino público pode saír moi debilitado da crise da COVID19. Por un lado, debido á falta de recursos que xa se manifesta en situacións de normalidade, pero máis nas circunstancias anómalas na que nos atopamos. Pero, ademais, debido á perda transitoria de moitos dos servizos que como os comedores, os plans madruga ou as actividades extraescolares, supoñen non só unha ferramenta necesaria para a conciliación de moitas familias, senón que son un valor engadido e un factor de socialización de nenos e nenas indispensable para unha educación pública de calidade que se desenvolva como un factor de igualdade da nosa sociedade.

Pero a cuestión que máis preocupa ao conxunto da comunidade educativa e ás familias, é a de como garantir a seguridade do alumnado, persoal de ensino e familias sen recursos e cun protocolo que non establece unha volta segura ás aulas.

Como o conxunto da comunidade educativa de todo o país, as ANPAS de Vilagarcía de Arousa non son alleas a todas as incertezas que xera esta situación, comezando pola preocupación primordial derivada da mesma, a necesidade de garantir a saúde dos nenos e nenas á par que do seu dereito a unha educación pública de calidade.

Por isto, o grupo municipal Marea da Vila presenta a seguinte proposta de ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, universidade e formación profesional e Consellería de Sanidade a convocar a sindicatos, comunidade educativa e federacións de ANPAS co fin de consensuar un novo protocolo para o inicio do curso.
2. Instar á Xunta de Galicia a administrar os fondos procedentes do Goberno do Estado de maneira transparente e para o reforzo do ensino público durante a crise da COVID19.
3. Instar á Xunta de Galicia a mobilizar fondos propios para o cumprimento de ratios, medidas de prevención, hixiene e distanciamento que se establezan no protocolo consensuado e definitivo.
4. Instar á Xunta de Galicia á creación dunha bolsa COVID19 de contratación en interinidade de cara ao reforzo do profesorado durante o curso 2020-2021.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila relativa a unhas aulas seguras e un inicio de curso libre de COVID-19.

Intervén Dona Maria Elvira Franco Vázquez.

A seguir procédese ao debate conxunto das tres mocións incluídas na orde do día, como asuntos nº 6, 7 e 8, realizando a súa votación de forma independente.

Na sesión plenaria polo Sr. Alcalde sométese a votación a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 15 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), BNG (1), Vilagarcía en Común(1), Marea da Vila (1), e Ciudadanos (1), e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4),

ACÓRDASE por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila e:

1. Instar á Xunta de Galicia, Consellería de Educación, universidade e formación profesional e Consellería de Sanidade a convocar a sindicatos, comunidade educativa e federacións de ANPAS co fin de consensuar un novo protocolo para o inicio do curso.
2. Instar á Xunta de Galicia a administrar os fondos procedentes do Goberno do Estado de maneira transparente e para o reforzo do ensino público durante a crise da COVID19.
3. Instar á Xunta de Galicia a mobilizar fondos propios para o cumprimento de ratios, medidas de prevención, hixiene e distanciamento que se establezan no protocolo consensuado e definitivo.
4. Instar á Xunta de Galicia á creación dunha bolsa COVID19 de contratación en interinidade de cara ao reforzo do profesorado durante o curso 2020-2021.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SOBRE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021.Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de agosto de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de agosto de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data 18 de agosto de 2020, do seguinte teor:

LUCÍA CÉSAR VELOSO, como Portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, propónlle ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación da seguinte moción SOBRE O

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID19 NOS CENTROS DE ENSINO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-21

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as ANPAs así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, impoñéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, ás nais e aos pais, así como aos Concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobrecoste de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellaría ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a achega de materiais físicos e educativos para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e desde o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, os Concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galiza. Malia isto,

na disposición adicional 4ª da lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza en aplicación da Lei 27/2013 seguirán sendo prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se establece o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos limítanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos de Primaria.

Á altura na que estamos, agosto de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 establécense as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que van moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos Concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos COVID-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia. Parte destes fondos, lóxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19.

Neste mesmo Protocolo régulanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares. Asociacións de nais e pais de alumnado manifestaron a súa disposición a seguir prestando estes servizos, imprescindibles para facilitar a conciliación familiar e laboral, sempre e cando por parte da Xunta se garanta a súa universalidade e o financiamento do sobrecoste. Así mesmo, a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas FANPAs.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A Xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, non pode obviar á totalidade da comunidade educativa e aos Concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do subrecoste no sistema educativo. As declaracións do Presidente da Xunta en funcións sobre as obrigas que teñen que asumir os Concellos en materia de financiamento e sobre as FANPAs (ás que denominou operadores educativos) que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.
3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.
4. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.
5. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPAs que da localidade.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Marea da Vila, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de BNG Sobre o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021.

Na sesión plenaria polo Sr. Alcalde sométese a votación a moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 15 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), BNG (1), Vilagarcía en Común(1), Marea da Vila (1), e Ciudadanos (1), e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4),

ACÓRDASE por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG e:

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.
3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso

2020-2021.

4. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.

5. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPAs que da localidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PSDG-PSOE, RELATIVA AO PROTOCOLO DA COVID-19 PARA A VOLTA ÁS AULAS 2020. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de agosto de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, con data 19 de agosto de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN: Protocolo da COVID-19 para a volta ás aulas 2020

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27º da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31º do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia; brechas que son máis fondas

canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos

complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAs e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellaría, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.

Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.

Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:

1. Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
2. Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
3. A través da Fegamp se reclamen todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
4. Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.
5. Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.
6. Que se garanta o funcionamento de comedores, transportes escolares e Plan Madruga, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

Vilagarcía de Arousa, 19 de agosto de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE relativa ao protocolo da COVID-19 para a volta ás aulas 2020.

Na sesión plenaria polo Sr. Alcalde sométese a votación a moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con 15 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), BNG (1), Vilagarcía en Común(1), Marea da Vila (1), e Ciudadanos (1), e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4),

ACÓRDASE por maioría aprobar a moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE e instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:

1. Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
2. Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
3. A través da Fegamp se reclamen todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
4. Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.
5. Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.
6. Que se garanta o funcionamento de comedores, transportes escolares e Plan Madruga, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida

no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido á aplicación das normas de distancia social necesarias para a prevención do COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200827&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.